

## BASES DA CONVOCATORIA QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2021

Para impulsar a práctica deportiva, a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, convoca premios para a promoción e difusión do deporte, para a mellora e perfeccionamento dos e das deportistas lucenses, sendo consciente das dificultades dos e das deportistas lucenses de modalidades individuais, –especialmente nas etapas de iniciación– para progresaren na súa formación integral.

Nesa perspectiva é na que se insire o presente programa de premios a deportistas individuais, de conformidade co disposto na Lei 38/03, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/07, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza Xeral de Subvención da Deputación de Lugo.

### PRIMEIRO.– OBXECTO

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, anualidade 2021 de modalidades deportivas de carácter individual, excluíndose, por tanto, os/as practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo, dobres, parellas ou grupo; coordinadas ou sincronizadas, e nas que actúen simultaneamente máis dun integrante do mesmo equipo. Por exemplo, 4x100, ximnasia en probas colectivas, dobres en deportes de raqueta, modalidades de máis de 1 tripulante de piragüismo, vela, remo,... pádel, volei praia, etc. Quedan expresamente excluídas as xornadas de control, copas, opens, ligas locais, comarcais, provinciais, etc, competicións escolares, probas populares, benéficas, e calquera outra análoga ás anteriores.

Quedan así mesmo expresamente excluídos desta convocatoria os/as deportistas individuais da disciplina automobilismo, especialidade rally (en calquera das súas categorías e modalidades).

### RÉXIME DA CONVOCATORIA

Os premios para deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2021, teñen por obxecto a cobertura de custos (código obxecto 3), articularanse na modalidade premios, código instrumento axuda SUBV) sen contraprestación en réxime de concorrencia competitiva, sendo esta un tipo de subvención non cualificable como axuda de Estado a empresa (código tipo de subvención 1), finalidade, outras actuacións de carácter económico, encadrada dentro do sector económico das actividades deportivas (código sector económico 93.1) cunha finalidade de promoción deportiva (código finalidade 18), prevendo unha diminución ou eliminación das desigualdades detectadas e contribuíndo aos obxectivos das políticas de igualdade (código do impacto de xénero 3).

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:


<http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

### SEGUNDO.– DESTINATARIOS

Poderán ser beneficiarias dos premios da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados/as, de calquera categoría, e exclusivamente de modalidades deportivas individuais (excluíndose, por tanto os/as practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo, dobres, parellas ou grupo, coordinadas ou sincronizadas, e nas que actúen simultaneamente máis dun integrante do mesmo equipo) de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran cos seguintes requisitos:

#### A. REQUISITOS PERSOAIS

	IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM	Fecha y Hora	22/06/2021 09:14:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM</a>	Página	1/13



1. Ter residencia en calquera dos municipios da provincia de Lugo, e por tanto, estar empadroad/a nalgún municipio da provincia de Lugo dentro do prazo de presentación de solicitudes.
2. Posuír ficha/licenza federativa durante o ano 2020 e manter na data de presentación de solicitudes (ano 2021) ficha/licenza federativa oficial, na disciplina e/ou modalidade deportiva para a que solicita o premio.
3. Estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, así como estaren ao corrente das obrigas coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial.
4. Os establecidos no artigo 13 da Lei xeral de subvencións e aplicables no presente caso.
5. Non estar cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

#### B. REQUISITOS E MÉRITOS DEPORTIVOS.

Para poder ser beneficiario/a do premio, o/a deportista deberá acreditar mediante a respectiva certificación federativa (modelo Anexo III) a consecución polo menos e como mínimo de un (1) dos seguintes postos ou resultados deportivos individuais e referidos á súa respectiva disciplina ou modalidade deportiva e durante a anualidade 2020.

- Podio (1º, 2º ou 3º) no campionato individual provincial (da provincia de Lugo)
- Lograr do 1º ao 16º posto individual no campionato galego (ambos os dous incluídos) (cuartofinalistas en competicións por eliminatorias)
- Lograr do 1º ao 25º posto individual no campionato de España
- Participación individual no campionato de Europa
- Participación individual no campionato do mundo
- Campión/a universitario individual galego.
- Lograr do 1º ao 3º posto individual no campionato universitario estatal
- Participación individual no campionato de Europa universitario.
- Participación individual no campionato do mundo universitario.


O logro e consecución dos postos e méritos deportivos indicados neste punto para poder ser beneficiario de premio, deberán ser de carácter individual e estar expresamente indicados na respectiva certificación federativa de acordo cos anteriormente referidos méritos. De non reflectirse expresamente tal circunstancia na correspondente certificación, entenderase que non cumpre o requisito indicado.

Os resultados certificados pola federación só poderán ser da clasificación final. Se existise máis dunha final en calquera das competicións, o certificado federativo só deberá facer referencia e reflectir o resultado da final absoluta. Por tanto, non se considerarán válidos para os efectos de méritos deportivos da presente convocatoria, os resultados de finais que non teñan a consideración de absolutas.

Dado que as distintas modalidades deportivas teñen un calendario de competicións diferente, para os efectos da presente convocatoria, establécese como tempada de valoración o período que vai desde o 1 de xaneiro de 2020 até o 31 de decembro do 2020.

Estes premios non serán compatíbeis con outras axudas públicas da Deputación de Lugo para a mesma finalidade.

	IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM	<b>Fecha y Hora</b>	22/06/2021 09:14:21
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM</a>	<b>Página</b>	2/13



Os premios a conceder ao abeiro da presente convocatoria concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

Tendo en conta as características e obxectivos dos presentes premios, establecece unha idade máxima dos/das aspirantes, limitada a 35 anos, a data límite 31 de decembro de 2020.

Esta limitación de idade non será de aplicación para deportistas de capacidades diferentes.

Tal e como se reflicte no cadro de valoración da presente convocatoria, os méritos deportivos a certificar pola respectiva federación para a súa valoración deberán cinxirse a **resultados individuais do/da solicitante (o mellor resultado individual) en cada nivel dos respectivos campionatos da correspondente disciplina** e que a seguir se indican:

- Campionato do Mundo
- Campionato de Europa
- Campionato de España
- Campionato galego (Galicia)
- Campionato provincial (provincia de Lugo)
- Campionato mundial universitario
- Campionato de Europa universitario
- Campionato de España universitario
- Campionato galego universitario

Determinase expresamente, que en ningún caso se terán en conta xornadas de control, copas, opens, ligas locais, comarcais, provinciais, etc, competicións escolares, probas populares, benéficas e calquera outra análoga ás anteriores. Non se terá en conta ningún resultado que non se corresponda expresamente co respectivo campionato e co resultado individual de cada solicitante.

Só se terán en conta os resultados certificados pola federación relativos á clasificación final. Se existise máis dunha final en calquera das competicións, o certificado federativo só deberá facer referencia e reflectir o resultado da final absoluta. Por tanto, non se considerarán válidos para os efectos de méritos deportivos da presente convocatoria, os resultados de finais que non teñan a consideración de absolutas.


### TERCEIRO.- CONTÍA, CRÉDITO ORZAMENTARIO E DISTRIBUCIÓN DE PREMIOS

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 85.500,00 €, distribuídos segundo o establecido nas presentes bases. Os presentes premios convócanse con cargo á aplicación orzamentaria 3410.481, segundo se recolle no Plan Estratéxico da Deputación de Lugo 2020-2022, liña 12.1 Deportes.

Tendo en conta o orzamento previsto da actuación e o importe mínimo e máximo determinado por estas bases da convocatoria para cada un dos premios, o número máximo de premios a conceder será de cento oitenta e cinco premios (185), de acordo co criterio de puntuación total, -de maior a menor-, acadada por cada solicitante e de acordo coa puntuación asignable ao un (1) único e **mellor resultado individual (resultado deportivo con puntuación máis alta) nas respectivas probas dos respectivos campionatos da correspondente disciplina,** en base aos criterios de valoración do punto sétimo das presentes bases e da respectiva certificación federativa.

Establécese como importe máximo de cada premio 1.500,00 € e como importe mínimo de cada premio 300,00 €.

	IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM	Fecha y Hora	22/06/2021 09:14:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM</a>	Página	3/13



A distribución do crédito orzamentario, de acordo co número máximo de premios a conceder e os máximos e mínimos importes establecidos é a seguinte:

As/os cinco deportistas con maior puntuación 1.500 €	5 premios	7.500 euros
Do 6º ao 15º 1.000 €	10 premios	10.000 euros
Do 16º ao 35º 750 €	20 premios	15.000 euros
Do 36º ao 75º 500 €	40 premios	20.000 euros
Do 76 ao 185º 300 €	110 premios	33.000 euros
	185 premios	85.500 euros

Do total anterior, resérvase expresamente unha porcentaxe mínima do 7 % dos cento oitenta e cinco premios, para deportistas con capacidades diferentes. A consideración de tal circunstancia deportiva debera acreditarse mediante certificación federativa da respectiva federación de deporte adaptado ou de persoas de capacidades diferentes. En consecuencia, establécese en trece (13) o número de premios asignados a este colectivo, que de non seren cubertos, pasarían a asignarse automaticamente entre o resto de solicitantes de acordo cos criterios establecidos nesta convocatoria, número que se distribuirá do seguinte xeito:

Á/ao deportista con capacidades diferentes con maior puntuación 1.500€	1 premio	1.500 euros
2º mellor puntuación 1.000€	1 premio	1.000 euros
3º e 4º mellor puntuación 750€	2 premios	1.500 euros
Do 5º ao 7º mellor puntuación 500€	3 premios	1.500 euros
Do 8º ao 11 mellor puntuación 300€	6 premios	1.800 euros
	13 premios	7.300 euros


No suposto de se acadar o límite máximo de premios a conceder indicado anteriormente, –para a determinación da relación de deportistas premiados/as–, e para os exclusivos efectos de que se produza calquera empate na determinación da puntuación total de cada un dos beneficiarios/as, procederase de xeito excepcional á valoración dos respectivos **segundos** e sucesivos mellores resultados de cada un deles até que se produza o referido desempate, e de acordo co seguinte detalle e orde e prelación:

- Deportista co mellor resultado individual no campionato do mundo
- Deportista co mellor resultado individual no campionato de Europa
- Deportista co mellor resultado individual no campionato de España
- Deportista co mellor resultado individual no campionato galego
- Deportista co mellor resultado individual no campionato provincial (Lugo)
- Deportista menor idade do/da solicitante
- Deportista feminina.

#### CUARTO.– DOCUMENTACIÓN, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes, subscritas polo interesado/a, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Lugo, mediante o modelo de solicitude aprobado a través de calquera das seguintes modalidades:

	IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM	Fecha y Hora	22/06/2021 09:14:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM</a>	Página	4/13



a) De forma presencial, mediante a presentación da solicitude e da documentación anexa nos respectivos modelos aprobados na oficina de asistencia ao cidadán en materia de Rexistro da Deputación Provincial de Lugo ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

b) De forma telemática, a través do rexistro xeral da sede electrónica da Deputación de Lugo <https://sede.deputacionlugo.org>.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o número de rexistro de entrada e/ou de expediente, se dispón del, e o servizo responsable do procedemento.


No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos pola sede electrónica ou teña un formato non admitido pola sede electrónica, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Prazo para a presentación de solicitudes: **10 días hábiles** a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo. Cada deportista só poderá presentar **una única solicitude** (Anexo I) e **optar a un único premio e por unha única disciplina deportiva**, independentemente do número de disciplinas e/ou modalidades deportivas que practique. En consecuencia, só se terá en conta a disciplina identificada na respectiva solicitude (ANEXO I).

As **solicitudes (Anexo I)** virán acompañadas da seguinte documentación:

- A) Copia do DNI do interesado/a (**no caso de ser menor de idade na data de solicitude deberán achegar tamén a copia do DNI do pai/nai/titor/a e asinar esta persoa todos os anexos**).
- B) **Certificado** de empadramento do/da solicitante no concello da provincia de Lugo no momento de presentación da solicitude.
- C) **Declaración responsable (ANEXO II)** na que se reflecta que:
- I. – Que non se atopa inhabilitado/a nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, para obter a condición de beneficiario/a do premio.
  - II. Que en anos anteriores, de ter recibido unha bolsa/premio polo mesmo concepto da Deputación de Lugo, cumpriu coas obrigas inherentes á mesma.
  - III. – Que non solicitou/recibiu outra axuda da Deputación de Lugo para a mesma finalidade.
  - IV. – Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributaria (Axencia Tributaria estatal, coa facenda galega e Deputación Provincial de Lugo) e coa Seguridade Social, no momento da sinatura da presente declaración. E que se compromete a manter o cumprimento das devanditas obrigas durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro do premio outorgado pola Deputación de Lugo.
  - V. Que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro no momento da sinatura da presente declaración. E que se compromete a manter o cumprimento das devanditas obrigas durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro do premio outorgado pola Deputación de Lugo.

	IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM	<b>Fecha y Hora</b>	22/06/2021 09:14:21
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM</a>	<b>Página</b>	5/13



VI. Que SI  NON  autoriza á Deputación Provincial de Lugo a facerlle comunicacións a través do correo electrónico indicado na solicitude, para o procedemento de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2021.

D) **Documento bancario** acreditativo de conta bancaria, no que necesariamente figurará o/a deportista solicitante como titular e con data de expedición actualizada.

#### DOCUMENTACIÓN DE CARÁCTER DEPORTIVO PARA A VALORACIÓN DA SOLICITUDE:

Certificación expedida pola respectiva federación de posesión da correspondente licenza federativa oficial individual para a respectiva disciplina e/ou modalidade deportiva durante a anualidade 2020 e na anualidade da solicitude do premio (ano 2021), e así mesmo dos resultados deportivos individuais obtidos polo/a solicitante no período comprendido desde o 1 de xaneiro de 2020 e o 31 de decembro de 2020 (Anexo III).

O referido anexo deberá reflectir así mesmo, o club/equipo (con indicación de lucense) ao que pertence o/a deportista solicitante.

A respectiva federación será a responsable de cubrir e acreditar a veracidade e validez dos resultados reflectidos no certificado, respectando e cixíndose a todas e cada unha das indicacións da tipoloxía de probas e competicións establecidas na presente convocatoria.

O referido certificado expedido e cuberto expresamente pola federación deberá reflectir :

- Os resultados persoais, individuais e de probas absolutas obtidos polo/a solicitante no período comprendido desde o 1 de xaneiro de 2020 e o 31 de decembro de 2020 nos respectivos campionatos individuais reflectidos no cadro de valoración.
- O referido certificado deberá reflectir a data, disciplina deportiva, consideración oficial do campionato (do mundo, de Europa, de España, galego, provincial (provincia de Lugo), universitario mundial, universitario europeo, universitario estatal, universitario galego), lugar de celebración, modalidade deportiva e posto persoal e individual global/final no respectivo campionato logrado individualmente polo/a deportista solicitante.


En consecuencia, o referido certificado federativo, non deberá incluír en ningún caso, e por tanto non se terán en conta probas e resultados deportivos colectivos, de equipo, de club, de grupo ou de selección. Así mesmo, non deberá incluír nin se terán en conta os resultados das posibles probas clasificatorias para os respectivos campionatos ou clasificatorias para as respectivas finais.

Por tanto, a federación non deba certificar resultados de probas e resultados deportivos colectivos, de equipo, de club, de grupo ou de selección, nin resultados das posibles probas clasificatorias para o respectivo campionato ou clasificatorias para as respectivas finais, nin calquera outro que non teña carácter oficial dos respectivos campionatos e que non sexa considerado pola federación como resultado individual.

- A posesión de licenza deportiva da respectiva federación oficial por parte do/da solicitante na disciplina ou modalidade deportiva para a que solicita o premio, na anualidade 2020 e na actualidade (ano 2021).
- Que o/a solicitante non está cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

Para o trámite de valoración de méritos deportivos, a respectiva federación deportiva deberá certificar **un (1) único e mellor resultado individual acadado en cada nivel territorial** (mundial, europeo, estatal, galego e provincial lucense, mundial universitario, europeo universitario, estatal universitario e galego Universitario) de

	IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM	Fecha y Hora	22/06/2021 09:14:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM</a>	Página	6/13



acordo co modelo Anexo III e para os efectos de aplicación do baremo de puntuación establecido no punto sétimo da convocatoria.

O mencionado anexo deberá vir asinado e certificado pola respectiva federación e acreditando que os méritos deportivos alegados son certos. Deberá estar cumprimentado expresamente pola respectiva federación correspondente e asinado e selado pola federación correspondente, que asume dese xeito a veracidade dos datos certificados.

Lémbrese expresamente, que en ningún caso se terán en conta xornadas de control, copas, opens, ligas locais, comarcais, provincias, etc, competicións escolares, probas populares, benéficas e calquera outra análoga ás anteriores. Non se terá en conta ningún resultado que non se corresponda expresamente co respectivo campionato e co resultado individual de cada solicitante.

Non procederá a valoración e por tanto, non se terán en conta aqueles posibles resultados reflectidos na certificación federativa que non se adapten ao previsto na base Segunda B e non se axusten ao expresado nas bases da presente convocatoria. En consecuencia, non procederá a valoración do mérito deportivo da respectiva certificación federativa que non acredite expresamente a data do resultado, a disciplina deportiva, a identificación expresa do campionato de acordo co previsto na base Segunda B (Campionato do Mundo/Campionato de Europa/Campionato de España/Campionato galego (Galicia)/Campionato provincial (provincia de Lugo)/Campionato mundial universitario/Campionato de Europa universitario/Campionato de España universitario/Campionato galego universitario), lugar de celebración e o posto individual conseguido polo/a solicitante de premio ou calquera outro dato preciso para a valoración dos méritos deportivos prevista nas bases da presente convocatoria.

Os anexos que figuran na documentación requirida estarán a disposición das persoas solicitantes na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo, [www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal). A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

A concorrencia ao proceso de concesión dos premios implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE.


A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión de tramitación do expediente correspondente.

#### QUINTO.- PROCEDEMENTO

Unha vez presentada a solicitude, os servizos técnicos da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo, revisarán a documentación achegada.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, para que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que se transcorrido o prazo non o fixeran, terase por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.

	IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM	<b>Fecha y Hora</b>	22/06/2021 09:14:21
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM</a>	<b>Página</b>	7/13



A non presentación da documentación precisa ou a omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos méritos dentro dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas.

#### SEXTO.- AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

A Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica desta Deputación Provincial de Lugo será a encargada de instruír e tramitar os respectivos expedientes. Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A devandita Comisión estará composta por tres funcionarios da Deputación de Lugo, a Sra. Interventora e Sr. Secretario Xeral da Deputación Provincial.

As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Os funcionarios da Deputación que se integrarán na sinalada Comisión de avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.


#### SÉTIMO.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Tendo en conta o orzamento previsto da actuación e o importe mínimo e máximo determinado por estas bases para cada un dos premios, o número máximo de premios a conceder será de cento oitenta e cinco premios (185), de acordo co criterio de puntuación total, -de maior a menor-, acadada por cada solicitante e de acordo aos seguintes criterios:

- a) A puntuación asignable ao **un (1) único e mellor resultado individual (resultado deportivo con puntuación máis alta) nas respectivas probas dos respectivos campionatos da correspondente disciplina,** en base aos criterios de valoración e da respectiva certificación federativa.
- b) Na liña do establecido no artigo 3.d) Principios reitores da *Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia*, e co ánimo de favorecer o "*impulso da participación da muller en todos os ámbitos da actividade deportiva*", considérase oportuno incentivar a citada participación e establecer o outorgamento a cada solicitante muller, dunha determinada puntuación individual e que se determina na presente convocatoria na cantidade de cinco (5) puntos.
- c) Así mesmo, na procura dun expreso apoio aos clubs da provincia de Lugo, a aqueles deportistas que acrediten na respectiva certificación federativa a súa pertenza na anualidade 2020 a algún club da provincia de Lugo, asignaráselles unha puntuación individual específica por tal circunstancia, e na cantidade de dous (2) puntos.

En consecuencia, a puntuación total de cada solicitante será o sumatorio da puntuación prevista no cadro de valoración anexo do mellor resultado (1 resultado) deportivo acreditado pola respectiva certificación federativa nas respectivas competicións deportivas indicadas no referido cadro, máis a puntuación que no seu caso proceda en aplicación do previsto nos puntos b) e c) da presente base.

	IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM	Fecha y Hora	22/06/2021 09:14:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM</a>	Página	8/13





De ser preciso establecer desempates, procederase a establecer a orde do desempate tendo en conta a puntuación que lle corresponda a cada solicitante de acordo co procedemento previsto no punto 3 das presentes bases da convocatoria e de acordo á certificación federativa, e deste xeito, consecutivamente, en función dos empates que se puideran producir.

Os resultados a valorar deberán cinxirse exclusivamente á disciplina e/ou modalidade deportiva individual para a que se solicita o premio e na que o/a deportista teña a correspondente ficha federativa. De acordo co establecido nas presentes bases, puntuarase os resultados individuais acreditados na respectiva certificación federativa no período que vai desde o día 1 de xaneiro de 2020 até o 31 de decembro do mesmo ano. Todos os/as solicitantes deberán acreditar a súa participación e resultados individuais con certificación da federación correspondente. Á hora de realizar a valoración cualificaranse os resultados acadados por cada deportista nas respectivas probas individuais e segundo o baremo establecido.


En consecuencia, non se valorarán os resultados en probas de conxunto, colectivas, de club, de equipo, de selección, de dobres, parellas ou grupo; coordinadas ou sincronizadas, nas que actúen simultaneamente máis dun integrante do mesmo equipo. Por exemplo, probas de 4x100, ximnasia en probas colectivas, dobres en deportes de raqueta, modalidades de piragüismo, vela ou remo de máis de 1 tripulante, volei praia, etc.

Especificamente e dadas as características de determinadas disciplinas e modalidades deportivas cuxas competicións se desenvolvan por eliminatorias, e para os efectos de valoración e a asignación de puntuación por méritos, establécese o seguinte criterio:

- Naquelas disciplinas e modalidades deportivas que se desenvolvan por eliminatorias, a certificación federativa deberá indicar expresamente o posto logrado polo/a deportista solicitante, (é dicir, 1º ou campión/a, 2º ou subcampión/a, 3º, 4º....) en cada competición certificada.
- De non darse tal circunstancia, e de reflectirse na certificación federativa, a consecución do posto de semifinalista, cuartofinalista ou oitavofinalista, entenderase que o posto logrado se corresponderá co correlativo á eliminatoria da competición de que se trate de acordo cos participantes en cada unha das referidas eliminatorias, aplicándolles a correspondente puntuación establecida no cadro xeral, de acordo coa seguinte equivalencia :

SEMIFINALISTAS	4º posto
CUARTOFINALISTAS	8º posto
OITAVOFINALISTAS	16º posto

	IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM	<b>Fecha y Hora</b>	22/06/2021 09:14:21
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM</a>	<b>Página</b>	9/13





## DEPUTACIÓN DE LUGO

Táboa de puntuación

Posto	Cto. do Mundo	Cto. de Europa	Cto. de España	Cto. Galego	Cto. Provincial (Lugo)	Cto. Mundial Universitario	Cto. Europeo Universitario	Cto. Estatal Universitario	Cto. Galego Universitario
1º	500	300	100	40	10	80	50	25	10
2º	425	255	85	34	8	68	43	21	8
3º	361	217	72	29	6	58	36	18	6
4º	325	195	65	26	5	49	31	15	5
5º	293	176	59	23	4	42	26	13	4
6º	278	167	56	21		35	22	11	
7º	264	158	53	19		30	19	9	
8º	251	151	50	17		26	16	8	
9º	238	143	48	15		22	14	7	
10º	226	136	45	14		19	12	6	
11º/16º	100	60	20	5					
17º/25º	50	30	10	2					
Participación	25	15	5	1					

Por deportista feminina, 5 puntos.

Por pertenza do/a deportista a un club lucense na anualidade 2020, 2 puntos.

	IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM	<b>Fecha y Hora</b>	22/06/2021 09:14:21
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM</a>	<b>Página</b>	10/13



## OITAVO.-ACORDOS DE RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓNS

### - Acordo de resolución provisional:

1. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión de valoración, efectuará a proposta de resolución provisional, motivada, á Xunta de Goberno na que se expresará o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de premios e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes, establecendo así mesmo, a orde de puntuación para os posíbeis premiados/as suplentes. O acordo de resolución provisional será notificada aos interesados, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 d outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo de resolución provisional do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org).

2. Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org) do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

### - Acordo de resolución definitiva:

1. No caso de presentarse alegacións no trámite de audiencia, o órgano instrutor, tras examinar as mesmas, formulará a proposta de resolución definitiva na que se expresará o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de premios e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación e, no seu caso, a desestimación do resto de solicitudes, establecendo así mesmo, a orde de puntuación para os posíbeis premiados/as suplentes.


2. En base á proposta do órgano instrutor a Xunta de Goberno resolverá o procedemento.

Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo da resolución definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org).

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses. O prazo computarase a partir do día en que remata o prazo establecido na convocatoria para presentalas.

4. Entenderase desestimada a solicitude, cando transcorrido devandito prazo non recaese resolución expresa, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei 39/2015, sen prexuízo da obrigaçión de resolver expresamente que impón o artigo 21 do mesmo texto legal. A resolución expresa posterior ao vencemento do prazo adoptarase pola Administración sen vinculación algunha ao sentido do silencio, de conformidade co preceptuado polo artigo 24.3. b) da Lei 39/2015.

	IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM	Fecha y Hora	22/06/2021 09:14:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM</a>	Página	11/13



Á Área de Deporte, de se producir algunha renuncia, poderá nese caso propoñer, –de así o considerar,– a asignación de premio suplente de acordo co referida listaxe e coa puntuación obtida por cada un dos/das solicitantes, con data límite 31/12/2021 e tendo en conta o crédito dispoñible.

#### **NOVENO.– PAGAMENTO DOS PREMIOS**

O pagamento dos premios farase nun único pagamento previa proposta efectuada polo deputado-delegado da Área de Deporte e tras un informe do xefe de servizo de Deportes da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, no que se fará constar a existencia e custodia dentro da Unidade Administrativa, da documentación requirida aos/ás solicitantes no punto cuarto das Bases e achegar copia da documentación contida no referido punto cuarto, puntos a), c), e d) ao Servizo de Intervención.

Non haberá posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta do premio concedido.

Procederase a respectiva retención de IRPF de cada un dos premios concedidos, segundo a normativa vixente.

#### **DÉCIMO.– OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS/AS**

Os beneficiarios/as dos premios están obrigados a facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación de Lugo, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control de destino das referidos premios.

Cumprir todas as normas establecidas nos apartados anteriores.

Publicitar a súa condición de receptor/a de premios da Deputación de Lugo nas competicións e actividades deportivas nas que participe, a través da indumentaria ou en calquera outro elemento susceptible de portar imaxe e colaborar coa Deputación na promoción do deporte e da actividade física na provincia se así o requirise.

#### **UNDÉCIMO.– RENUNCIA, REVOGACIÓN E REINTEGRO DE CANTIDADES.**

Os premios concedidos deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Por obtelos falseando as condicións requiridas
- Por non aplicalos aos fins para os que foron concedidos
- Por incumprir a persoa beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

A renuncia ao premio por parte do beneficiario/a, unha vez iniciado o goce deste, deberalle ser comunicada mediante o correspondente escrito ao Presidente da Deputación de Lugo.

De se acreditar as circunstancias indicadas ou de se producir a a renuncia, dará lugar á devolución das cantidades percibidas e así mesmo á esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento do premio ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta, de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, no prazo que establece o Regulamento Xeral de Recadación.

A solicitude dos premios implica o coñecemento e aceptación do disposto nestas bases.

#### **DUODÉCIMO.–PLAN DE AUDITORÍA**

	IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM	<b>Fecha y Hora</b>	22/06/2021 09:14:21
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM</a>	<b>Página</b>	12/13



A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

- Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
- Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
- Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

### DÉCIMO TERCEIRO.- RÉXIME XURÍDICO

Para todos aqueles extremos non previstos nestas bases da convocatoria, aplicarase a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e con carácter supletorio a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; o RD 887/06, de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento de subvencións; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza; a Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 29 de decembro de 2020. (BOP núm. 82 de 13-04-2021); o Regulamento Orgánico da Deputación; as Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión, así como a demais normativa vixente que resulte de aplicación.

Autorízase ao órgano competente da Deputación de Lugo para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento destas bases da convocatoria.

	IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM	<b>Fecha y Hora</b>	22/06/2021 09:14:21
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E47B5EB4TJWE2WD6HORXUAM</a>	<b>Página</b>	13/13

